

## Á Mesa da Comisión 4ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas funcións de control da Dirección Xeral de Patrimonio respecto da reconstrución e restauración de edificios (doc. núm. 39732)

### Emenda de modificación

O segundo parágrafo da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

- Esixir o permiso de Patrimonio cando se pretendan realizar obras maiores que afecten á envolvente exterior, así como no interior, naqueles inmobles sitios en contornos de protección ou zonas de amortecemento dun ben declarado BIC, e cando non exista un plan especial de protección, co fin de garantir os valores espaciais e arquitectónicos que puidesen ser susceptibles de protección.

Pazo do Parlamento, 13 de decembro de 2018

### Asinado dixitalmente por:

**Maria de la Concepción Burgo López na data 13/12/2018 18:17:20**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 13/12/2018 18:17:43**

